


PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Curso 2018-2019



C.E.E. NOSA SEÑORA DO ROSARIO

Ronda Camilo José Cela, 2

15008 – A Coruña

Código: 15005336

Sesión de Departamento de Orientación: 22/10/2018



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

NORMATIVA

- **LOMCE.** Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. **LOE** Texto consolidado coas incorporacións da LOMCE (BOE 30-12-2013)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG 21-10-96)
- **Orde que regula a organización dos Centros de Infantil e Primaria.** Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97). Modificación parcial desta orde (adscrición funcional e horarios).(DOG 06-07-2010).
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.(DOG 15/07/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015).
- Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014). Corrección de errores (DOG do 10 de setembro de 2014).
- Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galiza. (DOG 23/06/2009).
- REAL DECRETO 1630/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil. («BOE» 4, do 4-1-2007.)
- **Avaliación de Educación Infantil (2º Ciclo) .** Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galiza. (DOG 10/07/2009).
- **Implantación da LOMCE en Primaria.** ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos 1º, 3º e 5º de EP na



Comunidade Autónoma de Galiza, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa.

- *Curriculum Básico. Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da educación primaria. (BOE 1/03/2014).*
- *ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Proba de avaliación final. Real Decreto 1058/2015, de 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de Educación Primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.*
- *Real Decreto 127/2014, de 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica, aproban catorce títulos profesionais básicos, fixan os seus currículos básicos e modifica o Real Decreto 1850/2009, de 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (BOE 5-3-2014)*
- *Curriculum. DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galiza e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.*
- *Decreto de atención á diversidade. Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE. (DOG 21/12/2011)*
- *Escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais. Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.(DOG 30 de xaneiro de 2002).*
- *Avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais. Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliação psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.*
- *Adaptacións curriculares. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/1995)*
- *Alumnado procedente do estranxeiro. Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. (DOG 26/02/2004).*



- *LEI 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.*
- *Protocolos de actuación: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>*
- *ORDE do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*



1.- INTRODUCIÓN

A acción titorial está intrínsecamente vinculada ao desenvolvimento da función docente. Trátase dun proceso necesario (colaborativo, continuo e sistemático), dentro da Comunidade Educativa para poder acadar a maioría dos obxectivos xerais a través das distintas titorías ao longo do tempo escolar. A tarefa do mestre-titor ou profesor-titor non soamente consiste en impartir unha serie de asignaturas ademáis do desenvolvemento dun programa de audición e linguaxe a un grupo de alumnos determinado, senón que vai moito máis alá facilitándolle ferramentas para poder desenvolverse social e emocionalmente en diversos entornos, así como intentar implicar ás familias neste proceso, **especialmente neste centro, onde as necesidades en canto a habilidades sociais e emocionais dos nosos alumnos son moi altas.**

O Plan de Acción Titorial (PAT) é o marco no que especificamos os criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción titorial. Fixa un conxunto de actividades incluídas ou complementarias ó currículo, baseadas nas necesidades do alumnado e dirixidas a eles, que están secuenciadas no tempo e estruturadas nas dimensíons da acción titorial e que o/a titor/a realizará cos distintos colectivos do grupo que titoriza:

- Alumnado
- Familias
- Equipo docente

Preténdese que o PAT sexa un marco aberto e flexible, xa que os obxectivos do mesmo poden ser traballados a través de actividades distintas, en función das necesidades específicas de cada alumno/a e das características particulares de cada grupo-aula. Neste plan recóllense de forma organizada as actividades específicas dos titores para atender ás necesidades dos nosos alumnos.

Entendemos este plan como unha liña base a partir da cal iniciar unha labor de titoría de forma sistematizada. A proposta está aberta a novas ideas e suxestións.

2.- OBXECTIVOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL

Considéranse obxectivos primordiais deste plan os seguintes:

- a) Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- b) Fomentar a integración e participación do alumnado na dinámica do Centro ou Centros nos casos dos alumnos escolarizados na modalidade combinada.
- c) Facilitar a comunicación cos alumnos/as, no ámbito individual e grupal.
- d) Coñecer as características do alumnado, tanto individual como grupalmente, co obxecto de busca-las respuestas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- e) Efectuar un seguimento individualizado dos procesos de ensino-aprendizaxe contribuíndo á mellora do rendemento académico.
- f) Facilitar a necesaria cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais do alumnado: informandolles de todos aqueles aspectos que afecten ao desenvolvemento dos seus fillos e implicándooas naquelhas actuacións nas que sexa conveniente a súa colaboración.
- g) Coordinar actuacións cos distintos profesionales que interveñen con cada alumno.



3.- DISTRIBUCIÓN DE FUNCIONES E RESPONSABILIDADES RESPECTO Á ACCIÓN TITORIAL

3.1.- FUNCIONES DO TITOR OU TITORA

Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as funcións establecidas no artigo 81 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro).

Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as funcións establecidas no artigo 59 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996 do 26 de xullo).

O Titor/a é o primeiro referente do alumnado e das súas familias no Centro:

- a) Desenvolver as actividades previstas no PAT baixo a coordinación da Xefatura de Estudios e en colaboración co Departamento de Orientación.
- b) Presidir e coordinar as sesións de avaliación do seu grupo buscando compromisos de mellora.
- c) Seguir o proceso de ensino-aprendizaxe dos seus titorandos.
- d) Informar aos pais e nais, en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- e) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais/nais do alumnado.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade do alumnado.
- g) Propoñer as melloras que se deriven do seu desenvolvemento para a mellor adaptación anual do PAT ás características e peculiaridades do grupo de alumnos/as.

3.2.- FUNCIONES DO EQUIPO DOCENTE

- a) Colaborar e coordinarse co titor/a aportándolle información e apoio.
- b) Orientar sobre como estudiar a súa materia.
- c) Axustar a resposta educativa ás necesidades, tanto grupais como persoais, do alumnado aplicando as necesarias medidas de atención á diversidade.

3.3.- FUNCIONES DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- a) Elaborar, xunto cos membros do seu departamento, a proposta do PAT , tendo en conta as directrices da comisión de coordinación pedagóxica e as necesidades e intereses manifestados polos/as titores/as.
- b) Facilitar os recursos e asesoramento necesarios a cada titor/a para o seu desenvolvemento e intervir directamente cando sexa solicitado.
- c) Facilitar a intervención doutras persoas da comunidade educativa ou alleas, para proporcionar o tratamento de aspectos especializados.
- d) Atender as demandas dos distintos membros da Comunidade Educativa no horario habilitado a tal fin.
- e) Colaborar coa xefatura de estudios na coordinación da acción titorial.

**3.4.- FUNCIÓN DA XEFATURA DE ESTUDIOS**

- a) Coordinar e dirixir a acción titorial coa colaboración da xefatura do departamento de orientación.
- b) Convocar e presidir as reunións extraordinarias dos/as titores/as.
- c) Velar polo cumprimento da planificación consensuada e dos acordos tomados.

4.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS

- Corresponde á Xefatura de Estudios coordinar e orienta-la acción dos titores, coa colaboración do Departamento de Orientación, de acordo co plan de acción titorial.
- No desenvolvemento do plan titorial estarán implicados tódolos profesores/as que imparten docencia ó grupo.
- O Departamento de Orientación contribuirá ao desenvolvemento do plan, asesorando e colaborando cos titores/as nas súas funcións, facilitándolles os recursos necesarios e intervindo na medida das súas posibilidades, cando o soliciten.

4.1.- CRITERIOS PARA O NOMEAMENTO DE TITORES/AS

O/A director/a, por proposta da xefatura de estudios, designará aos titores/as, primando criterios pedagógicos. É polo que consideranse criterios preferentes no nomeamento de titores/as:

- Que o/a titor/a imparta, como mínimo, unha materia común a todo o grupo.
- Que non teña unha carga lectiva que impida a adicación necesaria á titoría.

4.2.- HORARIOS

- No horario dos/as titores/as e do resto do profesorado, fixarase unha hora semanal de atención a pais/nais ou titores legais da que terán adecuada información tódalas familias.
- No caso do alumnado dos programas formativos de formación profesional básica, o/a titor/a dedicará un horario específico á titoría do alumnado do seu grupo, os luns de 19:00 a 20:00



5.- ACTUACIÓN XERAIS PARA TÓDOLOS CURSOS

	ATENCION ALUMNOS	GRUPO AULA	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS
Setembro	<ol style="list-style-type: none"> 1. Revisión dos expedientes dos alumnos. Análise de informes individualizados e documentación do seguimento do proceso de aprendizaxe. 2. Preparación de probas de competencia cara a avaliación inicial 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Acollida 2. Regulamento de aula: normas e consecuencias de incumprimento. 3. Coñecemento da estrutura social da aula 4. Probas iniciais de competencia curricular 5. Conmemoración 30, día persoas xordas 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Participación nas reunións de ciclo para preparar a programación anual. 2. Implicación doutros profesionais para a posta en práctica de actuacións específicas: habilidades sociais, control de esfínteres... 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado.
Outubro	<ol style="list-style-type: none"> 1. Detección de novedades ou cambios nas NEAE dos alumnos 2. Elaboración de programacións de aula 	<ol style="list-style-type: none"> 1. NOF de centro: dereitos e deberes dos alumnos. 2. Regulamento de aula: respecto e diferenzas 3. Hábitos de traballo I 4. Conmemoracións : 6, día da parálise cerebral e 26 día do dano cerebral adquirido 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Participación nas reunións de ciclo para preparar a programación anual. 2. AVALIACIÓN INICIAL 3. Demandas ao Departamento de Orientación de NEAE prioritarias 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Reunión inicial coas familias, coa presenza da orientadora. 2. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado. 3. Implicar a familia no traballo persoal dos seus fillos: hábitos e organización do tempo de estudo na casa
Novembro	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguimento de programacións de aula e A.C.I. 2. Actuacións individuais cos alumnos que o requirian ou soliciten 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Habilidades Sociais I 2. Conmemoracións: 14 , día da diabete, 20, día universal da infancia 21, día da espina bífida e 25, día contra a violencia de xénero 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Participación nas reunións de ciclo para o seguimento da programación anual. 2. Coordinación cos mestres do CEIP de integración 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE Nosa Señora do Rosario (15005336)

Ronda Camilo José Cela, 2
15008 A Coruña
Telf. 881961070 / Fax. 881961076
sordos-co@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceenosasenhorarosario/>



Decembro	<ul style="list-style-type: none"> 1. Seguimento de programacións de aula e A.C.I. 2. Actuacións individuais cos alumnos que o requiran ou soliciten 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Preparar a avaliação: recordar sistema e criterios de avaliação 2. Cumprir os documentos do alumnado, recollendo os datos da 1ª avaliação 3. Conmemoracións: Do 3 ao 10 de decembro, a constitución e o estatuto de autonomía de Galicia, 3, día internacional das persoas con discapacidade, e 10 , Declaración Universal dos Dereitos Humanos 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Preparar e coordinar as sesións de avaliação procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios de avaliação continua, formativa e orientativa. 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado. 2. Enviarles o documento de información sobre avaliação 3. Enviar algúna sugestión sobre o xogo e o xoguet cara ao Nadal
Xaneiro	<ul style="list-style-type: none"> 1. Seguimento de programacións de aula e A.C.I., tendo en conta os resultados da 1ª avaliação (reforzando ou ampliando obxectivos...) 2. Actuacións individuais cos alumnos que o requiran ou soliciten 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Habilidades Sociais II : actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecten aos titorizados. 2. Hábitos de Traballo II : técnicas de estudio e traballo persoal tendo en conta as dificultades detectadas na 1ª avaliação 3. Conmemoracións: 30, Día Escolar da non Violencia e da Paz 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Participación nas reunións de ciclo para planificar as actividades do 2º trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado. 2. Implicar a familia no traballo persoal dos seus fillos: organización do tempo de estudio na casa.
Febreiro	<ul style="list-style-type: none"> 1. Seguimento de programacións de aula e A.C.I. 2. Actuacións individuais cos alumnos que o requiran ou soliciten 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Habilidades Sociais II : actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecte ao alumnado titorizado. 2. Conmemoracións: 4, día do cancro, 15, día do cancro infantil, 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Participación nas reunións de ciclo para o seguimento das actividades propostas. 2. Coordinación cos mestres do CEIP de integración 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE Nosa Señora do Rosario (15005336)

Ronda Camilo José Cela, 2

15008 A Coruña

Telf. 881961070 / Fax. 881961076

sordos-co@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceenosasenhorarosario/>



		28, día das enfermedades raras		
Marzo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguimento de programacións de aula e A.C.I. 2. Actuacións individuais cos alumnos que o requiran ou soliciten 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Preparar a avaliación: recordar sistema e criterios de avaliação 2. Cumprir os documentos do alumnado, recollendo os datos da 2ª avaliação 3. Conmemoracións: 4. 8, día Internacional da Muller, 15, Día dos Dereitos do consumidor, do 11 ao 15 de marzo, semana da prensa e 21, día do Síndrome de Down 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Preparar e coordinar as sesións de avaliação procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios de avaliação continua, formativa e orientativa. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado. 2. Enviarllles o documento de información sobre avaliação
Abril	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguimento de programacións de aula e A.C.I., tendo en conta os resultados da 1ª avaliação (reforzando ou ampliando obxectivos...) 2. Actuacións individuais cos alumnos que o requiran ou soliciten 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Habilidades Sociais II : actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecte ao alumnado titorizado. 2. Hábitos de Traballo II : técnicas de estudio e traballo persoal tendo en conta as dificultades detectadas na 2ª avaliação 3. Conmemoracións: 2, día do Autismo, 7, día Mundial da Saúde e, entre o 23 e o 26, Semana do Libro 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Participación nas reunións de ciclo para planificar as actividades do 2º trimestre. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado.
Maio	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguimento de programacións de aula e A.C.I. 2. Actuacións individuais cos 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Habilidades Sociais II : actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecte ao 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Participación nas reunións de ciclo para o seguimiento das actividades propostas. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Entrevistas individuais cos pais que o soliciten ou que se considere axeitado.



	alumnos que o requirán ou soliciten	alumnado tutorizado. 2. Conmemoracións 3. 2, día Internacional contra o Acoso Escolar, 9, día de Europa, do 13 ao 17, Semana das Letras Galegas e 20, día da esclerose múltiple	2. Coordinación cos mestres do CEIP de integración	
Xuño	1. Seguimiento de programacións de aula e A.C.I. 2. Actuacións individuais cos alumnos que o requirán ou soliciten	1. Preparar a avaliación: recordar sistema e criterios de avaliación. 2. Cumplir os documentos do alumnado, recollendo os datos da 3ª avaliación. 3. Propoñer tarefas a realizar no período estival. 4. Conmemoración: 5, Día Mundial Medio Ambiente.	1. Preparar e coordinar as sesións de avaliación: determinar os alumnos propostos para repetir curso e medidas extraordinarias a adoptar cara o próximo curso escolar.	1. Entrevistas individuais cos país que o soliciten ou que se considere axeitado. 2. Entrega dos resultados finais. 3. Enviar orientacións para o verán.

6.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PAT

Ó longo do curso, a Xefatura de Estudios e a Xefatura do Departamento de Orientación farán un seguimento do desenvolvemento do plan para introduci-los axustes necesarios:

Como criterios de avaliación para determina-la calidad do PAT o Departamento de Orientación considerará os seguintes aspectos:

- Adecuación do Plan ás necesidades reais do Centro
- Logros acadados co referente dos obxectivos previstos
- Adecuación da temporalización
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Cos datos recollidos elaborarase a memoria ao finalizar o curso. As conclusóns da avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no plan nos víndeiros cursos.